

Semana 2

● Deus perdoa sempre

A Biblia ensina que **Deus é misericordioso** e que o seu corazón está cheo de amor e bondade: Dade grazas ao Señor, porque é bo, porque é eterna a súa misericordia» (Primeiro libro de Crónicas 16, 34). Pola súa misericordia, Deus ama as persoas e sempre as perdoa.

Deus sempre ofrece o perdón, pero só pode obtelo a persoas que está disposta a recoñecer o seu mal comportamento e a reconciliarse con El e cos demás.

Deus quere que as persoas se amen, sexan misericordiosas unhas con outras e se perdoen para que vivan felices e poidan salvase.

● O pecado orixinal

A Biblia narra que Adán e Eva realizaron o primeiro mal comportamento, a partir do cal comezou a existir o pecado no mundo. A este mal comportamento ou pecado chámasele **pecado orixinal**, por ser o primeiro pecado da humanidade.

● Deus perdoa a David

A Biblia destaca a amizade entre Deus e David. Deus elixiu a David como rei do pobo de Israel para que fose fiel á súa alianza. David falaba con Deus como un amigo e rezáballe.

Pero David foi infiel á misión que Deus lle encomendou. Namrouse da muller dun oficial do seu exército. Entón, mandou que colocasen o oficial na primeira liña da batalla. Durante o combate, o oficial morreu.

Estes comportamentos de David desagradaron a Deus, que lle pediu que se arrepentise por medio do profeta Natán. David sentiu a necesidade da redención de Deus. Por iso, recoñeceu os seus malos comportamentos e arrepentiuse: «Pequei contra o Señor!» (2 Samuel 12, 13). Deus perdoouno.



Descubro palabras

Unha alianza é un pacto entre dúas ou máis persoas.

A palabra redención significa «rescate». Xesús, coa súa morte, redimiunos do mal e do pecado.

Fai un esquema da lectura